

1- INTRODUCCIÓN.

2- BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO:

Contorno sociolingüístico do centro.

Situación do profesorado.

Situación do alumnado.

Situación lingüística do centro.

3- OBXECTIVOS

4-ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA RELACIONADAS COS
OBXECTIVOS PROPOSTOS:

Festas tradicionais e celebracións

Exposicións

Recolleitas

Biblioteca escolar.

5- PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS DA COMUNIDADE.

6- NIVEL DE UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

7- COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN, ENTIDADES OU ASOCIACIÓN
EXTERNAS.

8- RELACIÓN DE ACTIVIDADES PLURIANUAIS E CON PROXECTOS DE CENTRO

9- TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS

10- CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES.

11- CONCLUSIÓN

1. **INTRODUCCIÓN:**

De acordo co disposto na “Orde do 27 de decembro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2018/2019”, establécese a obriga dos poderes públicos a garantir o uso normal do galego e do castelán, e propón o galego, como lingua propia de Galicia, e lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia estableceu que se creasen en todos os centros de ensino de Galicia os EDLG (Equipos de Dinamización da Lingua Galega) para que a lingua galega acade un uso normal ao mesmo nivel que a castelá.

O EDLG forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro (CCP) e está integrado na estrutura administrativa, docente e didáctica do mesmo, sendo un órgano consultivo e dinamizador da Dirección do Centro, o que lle permite participar na formulación das súas directrices lingüísticas e culturais.

O *CEIP A Gándara* seguindo os Decretos das Etapas de Educación Infantil e Primaria : **D 330/09 do 4 de xuño e o D 130/2007 do 28 de xuño** respectivamente, e entendendo como competencia básica “a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas” establece como competencias básicas prioritarias:

- A competencia en comunicación lingüística
- A competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
- A autonomía e iniciativa persoal

Na etapa de **Educación Infantil**, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado.

Terase en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios de cada etapa. Para conseguilo propóñense para esta etapa as seguintes pautas:

- Alumnado que entra en Infantil sendo galegofalante. Buscar todas as fórmulas para que non deixe de empregar o galego habitualmente ao longo da súa escolarización, tal e como ocorreu noutros casos, e desde a aula e o profesorado será: empregar o galego sempre e cando se dirixa particularmente a ese alumno ou alumna, dirixirse en galego ao grupo-clase con certa frecuencia e buscando a súa participación e por último, participar nas actividades propostas desde o centro educativo para o fomento do galego. Xa que o castelán é a lingua máis falada e polo tanto, coñecida, e coa seguridade de seguir sendo empregada, se a mestra ou mestre considera oportuno empregar o galego durante o maior tempo das súas clases, ou os materiais de aula en galego, favorecerá que o alumnado estea máis familiarizado coa lingua galega e no caso de alumnos galegofalantes, que poidan permanecer máis tempo usando o galego na escola.
- Alumnado castelanfalante con familia galegofalante ou de Galicia. Neste alumnado promover o uso do galego na etapa de Infantil é moi importante, posto que o galego non é a súa lingua materna pero está na súa vida diaria. Desde a aula de Infantil débese seguir promovendo este coñecemento ata chegar ao seu uso desenvolvendo así a competencia lingüística nesta lingua.
- Alumnado castelanfalante procedente de familias castelanfalantes de fóra de Galicia. Deberase fomentar a integración na escola, e por suposto, comezar na súa lingua nai. Se o alumnado ou a familia é estranxeira, tamén haberá que coñecer os xiros lingüísticos do país en cuestión e poñer especial fincapé neste alumnado cando empreguemos certas expresións na aula, incluso en castelán. Facer isto paulatinamente tamén cando empreguemos o galego, para conseguir pouco a pouco ir motivando ao alumnado cara o coñecemento da lingua galega e das tradicións galegas.
- Alumnado castelanfalante ou de fala portuguesa procedente de familias de fala portuguesa: Máis adiante na Primaria se lle pode explicar a semellanza entre o

galego e o portugués, pero na etapa de Infantil iso non se comprendería. Como os rapaces que falan portugués na súa casa, polo xeral prefiren empregar o castelán na súa vida na escola, habería que irles provocando interese na súa lingua nai, o que lles adoita producir vergoña (expresarse noutro idioma fai que os compañeiros se rían, non con mala intención pero parece que as linguas son estáticas e que identifican a quen as emprega). Conseguir que os alumnos e alumnas se expresen (ao nivel que sexa, cada un segundo as súas capacidades, habilidades comunicativas ou nivel escolar) en varios idiomas, e que un deles sexa o galego, parece ser o obxectivo final nun colexio plurilingüe como é o noso.

- Alumnado non galegofalante e non castelanfalante. Para este tipo de alumnado o esencial é a súa integración e existen protocolos a seguir para conseguir que se comuniquen. Nunha maioría castelanfalante resulta difícil que este paso sexa ao galego, polo que desde este equipo tamén queremos promover que como mínimo haxa un grao apropiado de comprensión oral á hora de escoitar falar en galego.

En **Educación Primaria** impartiranse en galego, dependendo do curso, as áreas de:

- ✓ Educación musical.
- ✓ Valores sociais e cívicos/ Relixión.
- ✓ Educación física.
- ✓ Ciencias Sociais
- ✓ Ciencias Naturais

Garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

MEDIDAS DE APOIO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO, CO FIN DE ALCANZAR O OBXECTIVO XERAL ESTABLECIDO NA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA LOE E NA LOMCE NO QUE AFECTA AO FOMENTO DE PLURILINGÜISMO.

Como medidas de apoio para favorecer o coñecemento e uso da lingua galega por parte do alumnado, o profesorado irá introducindo o noso idioma a través de proxectos, cancións, murais, xogos, celebracións, colleitas ...

Será moi importante introducir o coñecemento e uso da lingua galega de forma lúdica e natural.

Con este proxecto trataremos de desenvolver unha serie de actividades co fin de fomentar o uso, coñecemento, valoración, respecto, defensa e protección da nosa lingua galega como parte fundamental do noso patrimonio cultural e como parte da identidade da nosa comarca.

Así o EDLG do noso centro funciona como un equipo que ten un traballo organizado por todo o profesorado do equipo baixo a coordinación e supervisión dunha mestra, no noso caso a coordinadora do EDLG, aberto a novas propostas e as modificacións que poidan xurdir ao longo da súa posta en marcha.

2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O *CEIP A Gándara*, atópase en Monforte de Lemos, situado no Sur da provincia de Lugo e capital da Ribeira Sacra. Trátase por tanto dun colexio urbano que recibe o seu alumnado das parroquias dos arredores e da propia cidade. A influencia do galego é maior que nos outros centros educativos da cidade, pero aínda así, a maioría dos alumnos/as son castelanfalantes.

Apréciase unha conciencia positiva e un orgullo crecente por usar a propia lingua. Incluso para os que o galego non é a súa lingua materna é unha cuestión de orgullo o poder empregalo na escola. Pero aínda así, prevese moito traballo para conseguir un maior uso da fala.

O centro recibe un total de 210 alumnos/as. O alumnado vive cos seus pais, en xeral, e unha gran cantidade de nenos e nenas viven en áreas urbanas. Algúns viven en áreas máis rurais pero fan vida (amigos, extraescolares...) na área urbana.

A maioría dos/as pais/nais manifestan que se expresan na súa vida diaria en lingua castelá coloquial, aínda que empreguen o galego con soltura na súa grande maioría (sen contar as familias de orixe estranxeira, obvio). Moi poucas familias son galegofalantes que, sen embargo, lles fale castelán aos fillos. Dentro dos poucos galegofalantes que hai a maioría sono por convicción e os que menos, familias procedentes de áreas máis rurais, que empregan o galego por tradición familiar.

A Lingua empregada polo resto da poboación do concello tamén é maioritariamente o castelán; do mesmo xeito que nas entidades asociativas do contorno. A Lingua empregada habitualmente, ou como primeira opción, pola comunidade educativa a nivel oral e nas interaccións comunitarias é o galego, aínda que con moita frecuencia a maioría acaba pasando ao castelán.

SITUACIÓN DO PROFESORADO

Entre os docentes, 25 en total, a práctica totalidade segue a normativa, no que atinxe ao que é de obrigado cumprimento para impartir as materias en lingua galega.

A lingua habitual da maior parte do profesorado do *CEIP A Gándara* dentro do centro é maioritariamente o castelán, aínda que a maioría do profesorado considérase bilingüe, e emprega con igual dominio unha lingua que outra.

A maioría do profesorado considera que a súa capacitación para empregar o galego na súa actividade docente é media ou alta; e a disposición dos docentes para actualizarse e reciclarse en lingua galega é boa. Non se detectan nin prexuízos nin actitudes negativas de cara ao idioma, ao proceso de normalización e dinamización lingüística ou á normativa que regula o uso e fomento do galego no ensino (**Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**).

SITUACIÓN DO ALUMNADO

No referente ao alumnado, a lingua na que se expresa o alumnado é o castelán de xeito maioritario. O uso do galego está normalizado (con algunha que outra puntualización) a nivel escrito e na lectura, en cambio na expresión oral, non.

O alumnado amosa unha actitude favorable cara ao idioma e non perciben ou non son conscientes do conflito lingüístico que se presenta ás veces en certos sectores da comunidade política e educativa de Galicia. En xeral, trátase dun grupo carente de prexuizos, cando menos a nivel superficial.

En canto á escritura espontánea entre o alumnado destaca o predominio do castelán, pero debido a que no centro se levan organizado durante anos moitos concursos, exposicións, certames... desde unha perspectiva do fomento do uso do galego, os alumnos de maior idade xa lles sae espontáneo o escribir en galego (contextos literarios) e empregan a comunicación segundo os usos da zona sobre o emprego normativizado da lingua galega (ortografía, léxico...).

Cando escriben ou len en galego teñen máis dificultades que á inversa; dificultades que van diminuindo a medida que avanzan en nivel educativo. A maioría cre ter máis competencia en castelán que en galego.

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Polo que atinxe ao **centro**, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística vén supervisando e dinamizando nos últimos cursos o uso e presenza do galego nas actividades do centro. Deste xeito podemos destacar que:

- A lingua galega emprégase en toda a documentación administrativa e de xestión.
- As comunicacións ás familias e ao alumnado, avisos, notas, novas... escríbense en galego.
- Na revista escolar “O Colexio” emprégase exclusivamente a lingua galega.
- Nos blogs das distintas aulas e proxectos de centro:
<http://gandaralemos.blogspot.com/>
<http://alimentatben.blogspot.com/>
<http://xuntosnoprimeiroandar.blogspot.com/>

<http://gandaradeportes.blogspot.com/>

<http://gandaravoznatura.blogspot.com/>

así como na páxina web do centro, o galego é a lingua utilizada.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagandara/>

- ➔ Nas montaxes audiovisuais resumo que facemos das principais actividades do curso escolar.
- ➔ No material relacionado co Programa Voz Natura, Aliméntate ben, Plans proxecta...
- ➔ Todos os carteis, fichas, proxectos de investigación, documentais... que elaboramos dende o centro están feitos en galego.
- ➔ Esta é tamén a lingua na que se promoven a práctica totalidade das actividades extraescolares, complementarias e diferentes conmemoracións.
- ➔ En canto ás relacións sociais dentro da comunidade educativa, a lingua de uso maioritario é a galega nas comunicacións escritas ou vía whatsapp ás familias. En cambio, nas reunións dos diferentes órganos e equipos de goberno e xestión (claustro, consello escolar, departamento de orientación...), e tamén nas relacións do centro cos recursos humanos externos e as diferentes institucións do contorno, alternanse galego e castelán con moita frecuencia.
- ➔ É importante destacar a necesidade de actualizar o software dos diferentes equipos informáticos do centro, dotándoos de programas en galego e facendo un bo uso e aproveitamento das Tics para elaborar recursos didácticos en galego que desenvolvan no alumnado unha axeitada competencia dixital á vez que lingüística.
- ➔ A convivencia co alumnado do CEIP Virxe do Carme de Sober, xornada na que compartimos múltiples experiencias educativas e recreativas polo Día de Rosalía, sempre en galego.
- ➔ A Convivencia co CEIP de Espiñeira, en Aldán, na que os nenos de nenas de 4º van coñecer as experiencias dunha escola da costa e innovadora, ademáis en galego.
- ➔ A xuntanza co CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo, en galego.
- ➔ O intercambio de correspondencia con outros colexios, como por exemplo co Colexio Novo (CEIP Monforte de Lemos), será en galego.
- ➔ Pequena xuntanza na biblioteca co CEE Infanta Elena, tamén de Monforte, para o recitado de poemas.

3. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS ADECUADOS AOS PUNTOS ANTERIORES:

O OBXECTIVO XERAL do presente Proxecto de Fomento do Uso do Galego (que constitúe o plan de traballo que este EDLG desenvolverá e levará a cabo ao longo do curso 2018/2019 con toda a comunidade escolar do CEIP *A Gándara* e mesmo con outros axentes, particulares e entidades do entorno social e cultural ao que pertence o colexio) é: **loitar porque se incremente (e cando menos non diminúa) o uso do galego na fala e na escrita dun xeito normalizado e xeneralizado na nosa comunidade educativa: entre e a través dos alumnos/as, profesores, pais/nais, equipos de coordinación docente e de dinamización, institucións, entidades... coas que se relaciona o centro e, por extensión, tamén no contorno social do colexio (a través da continuidade na comunicación e traballo de colaboración con algunha asociación da zona e con persoas maiores do entorno así como con outros EDLG de centros educativos e a busca de novas colaboracións).**

Como OBXECTIVOS ESPECÍFICOS propoñemos:

- Lograr unha valoración positiva do uso da lingua galega e unha mellora da competencia lingüística de todos os membros que integran a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e nais, pais ou titores legais).
- Asesorar e axudar co idioma en caso de dúbida, ou mediación en caso de conflito.
- Fomentar o gusto e necesidade de aprender o noso idioma no alumnado inmigrante.
- Comprender a importancia de manter e coñecer as tradicións de Galicia.
- Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais (magosto, Samaín, matanza, entroido, maios,...) utilizando a lingua galega.
- Participar con poesías, cantos, bailes, contos, obras de teatro...en lingua galega ante pequenos e grandes grupos.
- Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polos dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega.

- Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega (contos, redaccións, cómics, murais, cancións...)
- Expresar oral e graficamente ideas sobre as conmemoracións respectivas e as súas repercusións.
- Fomentar o gusto e desfrute da lectura en galego.
- Respetar, coñecer e valorar o traballo dos nosos antepasados.
- Reflectir dun xeito breve os logros conseguidos ao longo do curso escolar.
- Recitar retalas, ditos ou trabalinguas acompañando a xogos populares.
- Participar en xogos cooperativos e solidarios, nos que a lingua a empregar sexa o galego, maioritariamente.
- Incrementar o número de nenos e nenas participantes en xogos que eles non consideran propios do seu sexo.
- Coñecer os xogos populares das diferentes épocas do ano e a súa relación co entorno.
- Memorizar textos de rifar en cada xogo.
- Empregar e respectar as normas de xogo.
- Representar diferentes dramatizacións de contos, e de obras de teatro, segundo o seu nivel.
- Vocalizar e entoar con xeito, segundo o personaxe e a situación que representen.
- Memorizar os textos que representen.
- Desinhibirse na presentación diante do público.
- Facer labores de recollida de tradición oral (xogos, cantigas, ditos...) e construír un arquivo audio que dea pé a outras moitas actividades, este curso e o vindeiro.

4. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS:

FESTAS TRADICIONAIS E CELEBRACIÓNS,

Desde os seus comezos, o CEIP A Gándara mantén unha forte tradición neste tipo de celebracións. O contorno social vive unha recuperación interesante destas tradicións. Levaremos a cabo actividades de diferente tipo en cada celebración como a recollida da tradición oral, recuperación da festa das cabazas, os maios, o entroido tradicional galego...

como son:

Magosto:

- ◆ Celebración do magosto tradicional, con asado de castañas, chocolate e biscoito para celebrar xunto ás familias no patio.
- ◆ Obradoiros de outono (nalgunhas aulas)
- ◆ Obradoiros de música: Non chas quero (nalgunhas aulas)
- ◆ Xornada de xogos no patio, incluíndo un sobre rimas do outono no que había que buscar as parellas que rimasen. (Existe un proxecto global, tamén en relación coa biblioteca escolar, sobre a poesía, e en cada celebración tratarase de incluír algunha actividade na que os nenos e nenas se familiaricen con rimas e poemas)
- ◆ Ambientación de corredores, exposición de produtos de outono, murais...

Samáin:

- ◆ Exposición de cabazas elaboradas polo alumnado e as súas familias. Convidase as familias a visitala durante 2 ou 3 días.
- ◆ Concursos: “Versos de medo”, “Era unha cabaza tan medorenta que...” e “Un Samáin de medo” (creación literaria: rimas (1 ciclo) e poesía, viñetas (1º ciclo) ou cómic, relato curto (maiores de 3º).
- ◆ Entrega de premios na Biblioteca do centro.
- ◆ Pequena actuación na biblioteca con: Contacontos de medo contados polas mestras da escola, un baile, adiviñas de medo en forma de poesía e unha

obra de teatro, todo en galego e gravado para que as familias poidan velo aínda que non asistan.

- ◆ Decoración e ambientación do centro.
- ◆ Exposición e préstamo de libros da biblioteca no que o medo é o tema principal.

Nadal:

- ◆ Representacións teatrais e panxoliñas en galego, a nivel de aula ou entre aulas.
- ◆ Festival de Nadal, na escola para o alumnado e Panxoliñas en Galego (coral) no Multiusos do Concello para as familias.
- ◆ Participación no “Concurso de poemas de Nadal”, organizado pola Biblioteca Municipal do Concello de Monforte.
- ◆ Participación no “Concurso de postais de Nadal”, para expoñer na entrada do colexio e premiar unha por cada curso. Os lemas das postais eran en galego.
- ◆ Elaboración de xogos de emparellar palabras que riman relacionadas co inverno para pasar polas aulas.
- ◆ Montaxe do Nacemento con papel de xornal enrolado e participación no concurso organizado anualmente polo concello.

Día da Paz:

- ◆ Intercambio de cartas pola paz co CEIP Monforte de Lemos (“Colexio Novo”), actividade na que participarán os nenos e nenas de 6º Primaria.
- ◆ Interpretación da canción “ A pomba Mari Paz”, de Mamá Cabra. Para coñecer o baile e a canción, un grupo de nenos/as de 6º inventan unha coreografía e grávana, logo este vídeo se distribúe entre as diferentes aulas para que todos aprendan a canción e o baile.
- ◆ Xogo de “adiviña quen?” sobre os premios Nobel da Paz (Primaria)
- ◆ Berro de palabras fermosas polo patio e corredores (Infantil)
- ◆ Exposición de libros relacionados coa paz ou valores na biblioteca.
- ◆ Posta en común de textos de cancións, poemas, vídeos, anuncios, contos, novelas, frases célebres, etc que teñan a paz como temática (actividade de aula)

- ◆ Elaboración de murais e decoracións en aulas e corredores, e mural que representa a figura de Malala, premio Nobel da Paz no 2014, na Biblioteca. Invención dun poema sobre a vida de Malala e recitado na biblioteca (aula de 2º de Primaria)
- ◆ Xuntanza co CEE Infanta Elena para realizar un obradoiro de manualidades, cantar de novo a canción da paz e participar no recitado de poemas na biblioteca (detallado no punto anterior). Nesta xuntanza participaron todos os cursos de Primaria, sendo os de 5º curso os que participaron no obradoiro de manualidades e o resto, no recitado de poemas ou cancións.

Entroido:

- ◆ Investigación utilizando as Tics sobre o entroido en Galicia. Pretendemos fomentar o coñecemento desta antiga tradición galega e das súas orixes, así como reflexionar sobre a situación actual nas diferentes rexións de Galicia (actividade de aula)
- ◆ Celebración da festa do entroido no patio, convidando ás familias, e celebración da comparsa organizada pola ANPA.
- ◆ “O meco Manda”. Elaboración dun meco que cada día da semana realizará unha proposta de vestiario os días previos á festa de entroido do colexio.
- ◆ Obradoiros de comadres e compadres: cada clase elabora un compadre e unha comadre cunha temática común (poetas e poetisas, este curso), e o centro educativo, un compadre e unha comadre para participar na actividade organizada polo concello de xeito anual, onde despois dunha pequena festa de xuntanza se queiman as figuras presentadas. As figuras representarán a un cego con zanfona, o compadre, e a Dona Prensa, con follas de xornais, a comadre.
- ◆ Festa de Entroido, pasarrúas, desfile, xogos, xogos musicais.... Os disfraces terán que ter relación co tema central deste curso, a poesía, e entón cada curso levará un disfraz baseado nun poema, cantar ou copla, que o alumnado terá que memorizar e recitar durante o desfile.
- ◆ A ANPA organiza a vestimenta que levarán durante a comparsa.

- ◆ Degustación de produtos de Entroido. (Cocido, doces...) coa colaboración do persoal de cociña.

Día do libro:

- ◆ Realización das actividades propostas dende a biblioteca.
- ◆ Madriñas e padriños lectores: actividade que consiste en que cada un dos maiores (6º de Primaria) apadriñe a un dos pequenos (Infantil) e o leve da man pola lectura dos contos. É unha actividade externa á biblioteca, e será polo patio ou na entrada do colexio se vai frío.
- ◆ Visita de pais e nais para a lectura dun conto: “As familias contan”.
- ◆ Visita e conferencia a cargo de Xosé Lois García, escritor galego, ademais de articulista, ensaísta, crítico de arte e literario, especialista da literatura de expresión portuguesa en África e tradutor. Esta charla terá lugar antes de Semana Santa, pero incluírase dentro das actividades do Día do Libro. Convidarase a esta conferencia a toda a comunidade educativa: mestres, alumnos, familias, PAS... e o alumnado recibirá ao autor convidado cun pequeno recitado da súa obra.

Día das Letras Galegas:

- ◆ Xogo de investigación en grupos “Coñecendo a Antón Fraguas”. Lemos parte da súa obra, investigamos sobre a súa vida e logo, resolveremos as cuestións que se nos propoñan no xogo de preguntas.
- ◆ Elaboración dun mural sobre el, a súa vida e obra.
- ◆ Exposición da obra do autor homenaxeado, na biblioteca. Previamente, habería que mercar libros do autor.
- ◆ Recital de poesía: Asalto poético. “Asaltarase” poeticamente, é dicir, con poemas, nas aulas, despachos, visitantes, etc. Ata chegar case a un “asedio” de poesía. Tamén terá relación co proxecto central da escola: a poesía.

- ◆ Realización de diversas actividades educativas enfocadas ao coñecemento da vida e obra de Antón Fraguas en particular e da cultura galega en xeral.
- ◆ Interpretación de poemas musicados de Antón Fraguas.
- ◆ Primavera Musical

Os Maios.

- ◆ Elaboración dun maio e participación no acto organizado polo concello, onde asistirán alumnos, mestres e familias.
- ◆ Coñecemento e estudo da colleita realizada para a elaboración: tipos de flores, partes, nomes...
- ◆ Obradoiro con flores: coroas, diademas...
- ◆ Interpretación de cantigas e bailes relacionados.
- ◆ Proxectos de aula en relación coas plantas.
- ◆ Xuntanza co CEE Infanta Elena para mostrar o maio e mais para o recitado de coplas que acompañan ao maio nesta zona.

■ **OUTRAS CONMEMORACIÓNS:**

DÍA EUROPEO DAS LINGUAS (26 setembro): un libro viaxeiro polas aulas, tipo lapbook, onde os alumnos foron creando os seus propios traballos sobre a importancia das linguas, do galego ou simplemente, da comunicación. Tamén se recolleu durante tres mañás consecutivas na entrada da escola toda aquela mensaxe de apoio á diversidade lingüística que se quixese, por parte dos cativos/as, mestres/as, pais ou nais que acudiron á escola, viaxantes, etc.

MES DA CIENCIA (novembro): durante o mes da ciencia houbo varias clases nas que se inventaron poemas (acabaron por ser letras de rap) sobre científicas (Ada Lovelace, Mae Jemison, Jane Godall...), en galego, e un canto de cego sobre Olimpia Valencia. Tratábase de aunar folclore, o proxecto central do centro sobre a poesía, a ciencia e a posición das mulleres na ciencia.

25N (Día contra a violencia contra a muller): breve acto que foi explicado en galego e con lemas en galego (quinto e sexto)

DÍA DE ROSALÍA (24 febreiro): recitado de poemas de Rosalía de Castro e de mulleres galegas poetas. Durante o entroido, esta será a temática dalgunha comadre ou dos disfraces, posto que as dúas cousas tratan de reunir o tema do proxecto central do colexio: A poesía. Tratarase, no posible, de xuntar co Día da Lingua Materna, posto que en febreiro coinciden as dúas.

Ademais, os nenos e nenas de Infantil irán a Sober a lavar ao pilón, tal e como ditan os versos de Rosalía “O pilón da Fontiña”, actividade dentro da xuntanza co CEIP Virxe do Carme.

Esta actividade está programada para o 22 de febreiro e constará das seguintes fases:

- Chegada ao colexio de Sober e preparación con mandil e botas.
- Ir ao pilón andando e levar un pano que hai que lavar seguindo as instrucións que se dean, logo poñelo a secar.
- Paseo por Sober, sendo guías os cativos/as do pobo.
- Xuntanza no colexio e actividades propostas polo centro educativo.

Máis adiante esta visita será devolta e constará do seguinte:

- Chegada dos autobuses ao aparcadoiro do Parque dos Condes, de Monforte.
- Camiñata polo paseo do río Cabe, onde se lavaba a roupa aquí antigamente. Os nenos e nenas de Monforte serán os guías desta volta.
- Picnic no parque.
- Xogos no centro escolar.

DÍA DA LINGUA MATERNA (21 febreiro): cada curso encargárase de buscar as linguas maternas que hai nos distintos continentes e logo, na biblioteca da escola, elaboraremos un mapamundi xigante cunha lenda onde estean escritas as linguas maternas (o galego, entre elas) e ao pulsar na lenda, alumeará unha luz no lugar xeográfico correspondente.

8 de MARZO (Día da Muller): a través do Colectivo Lemos Le, un obradoiro sobre unha muller da comarca e a elaboración dun libro sobre a vida dela. Esta actividade reúne a todos os centros educativos da zona.

21 de marzo: Día Internacional da Poesía. Neste curso parece importante celebrar este día debido á temática do proxecto integrado da escola, que é sobre a poesía. Dentro de cada aula recitaranse poemas en galego, maioritariamente, e na biblioteca realizarase unha pequena xuntanza co CEE Infanta Elena, ao que se lle recitarán uns poemas que logo se lle entregarán encadernados e escritos polos propios rapaces.

8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Conmemórase este día con diversas actuacións a cargo de membros da comunidade xitana, moitos deles de fala portuguesa. As intervencións e traducións serán ao galego.

15 de maio, Día das Familias. Ademais das manualidades realizadas para as familias dos nenos e nenas, o ENDL fará fincapé na realización de actividades de aula nas que participen as familias do alumnado da aula. Se xa participaron, pois aproveitar para rememorar o día ou días da visita/as.

■ EXPOSICIÓNS:

- Exposicións dos diferentes traballos realizados polo alumnado do centro nas dependencias do mesmo (proxectos de aula relacionados cos animais da contorna, paisaxe, o inverno, fotos sobre a contorna, de índole cultural ou musical...)
- Exposición dos traballos realizados con material de refugallo, recollidos no recuncho de reciclaxe da escola e fomentando a protección e coidado do Medio Ambiente.
- Exposición de cabazas no Samaín.
- Exposición e obras literarias (narración, poéticas, cómic, pictóricas) na entrada da escola seguindo as temáticas das conmemoracións: Samaín, Nadal, Entroido, Maíos, etc.
- Exposición do maio elaborado con fiúncho, xestas, flores variadas....
- Exposicións dos traballos sobre Antón Fraguas.

■ RECOLLEITAS NA ESCOLA:

- Durante as vacacións de Nadal, e aproveitando que os nenos e nenas adoitan visitar ás familias e aos maiores, facer un traballo de investigación e gravar audios con ditos,

cancións, poemas, xogos, rimas... que pasarán a formar parte dun arquivo audio co nome do colleitador/a, da persoa entrevistada e orixe da recolleita. Con esta colaboración realizaranse na biblioteca escolar (ou nas aulas, dependendo dos cursos e do tipo de actividades) un obradoiro de xogos tradicionais ou recitado de textos tradicionais, con carácter lúdico.

- Recolleita de receitas.

■ GRUPOS DE TRABALLO

Case a totalidade da plantilla de mestres estamos a participar nun curso de formación chamado “Educación responsable”, sobre educación emocional, normas de convivencia e respecto á diversidade. Os materiais do curso están en castelán, mais a meirande parte do profesorado está tratando en galego as explicacións das actividades e as conclusións para así dotar ao alumnado de vocabulario relacionado coas emocións e así ser capaces de expresar o que senten en galego. De cara vindeiros cursos a idea é ir dotando ao centro de materiais propios, que por suposto, serán en lingua galega ben na súa totalidade ou na súa maioría, polo menos.

■ BIBLIOTECA ESCOLAR:

Neste curso 2018/2019 seguimos a formar parte da rede de bibliotecas escolares de Galicia , e:

- Fomentaremos o uso do galego na lectura así como un mellor uso da súa fala e escritura mediante o intercambio de libros, contos, cómics, cd, películas, documentais... por iso estamos a realizar un importante traballo na biblioteca escolar (orde, expurgo, catalogación utilizando o Meiga, préstamos semanais, redistribución dos espazos e seccións...) co fin de crear hábito lector, de disfrute da biblioteca da escola e intentando potenciar a creatividade e a imaxinación.
- Reformamos a biblioteca, co que houbo que volver a rotular as estanterías e poñer carteis, en galego.

- Continuaremos subscricións a editoriais polo que mensualmente recibimos material bibliográfico novidoso que expoñemos ao alumnado, ademais de realizar adquisicións para equilibrar o noso fondo documental.
- Dotar o centro de DVDs de debuxos ou películas dobradas ao galego , ademais de ampliar o fondo de música en galego e poder realizar empréstitos do material catalogado. Gustaríanos crear unha zona de audicións individuais para os nosos alumnos/as.
- A biblioteca escolar é o lugar de moitas das exposicións (outras moitas na entrada da escola), das actuacións e eventos e tamén onde se desenvolven moitas das actividades relacionadas co ENDL.

5-PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS DA COMUNIDADE.

Seis mestres formamos parte do Equipo de Normalización e Dinamización da lingua galega, sendo unha mestra a coordinadora. O alumnado participa activamente e de agrado nas actividades propostas, así como as familias. O persoal de servizos (cociñeiro) implícase e facilita o desenvolvemento de obradoiros de cociña, aniversarios saudables....

Durante este curso, os titores (tanto os que pertencen ao ENDL como os que non) sérvense de estratexias para fomentar o galego nas aulas, ou foméntano a través de actividades propias da aula, ademais das derivadas do propio ENDL. Exemplos disto, a continuación:

3º educación Infantil (22 nenos/as, e segundo as reunións coas familias, 8 galegofalantes, 3 galego/castelán e 11 castelanfalantes): para fomentar o galego na aula convérsase en galego nas asembleas e na charla directa cos nenos galegofalantes, os carteis da aula (normas, etc) están en galego e recórdaselles o que poñen (eles non os len), materiais didácticos en galego e tamén contos, cancións, trabalinguas... Participan en todas as festividades populares propostas polo ENDL: Samaín, Magosto... Gustaríalles ter axuda do ENDL para dramatizar contos e tamén xogos de ordenador en galego.

4º educación Infantil (19 nenos/as, 0 galegofalantes): emprégase o galego como lingua vehicular na que a titora explica as actividades e organiza a aula e o traballo por recantos. A maioría dos contos de aula son en galego e os proxectos tamén en galego, como por exemplo sobre as formigas. Cooperan de vez en cando con outras aulas con actividades a por maiores dentro dos proxectos (explicacións, entrevistas...). Unha actividade para ampliar o seu vocabulario en galego é “a caixa das palabras”, dende a que traballan palabras relacionadas por temáticas, por exemplo, a paz (bicos, perdoar...) ou outono (cabaza, castaña, vento...)

6º educación Infantil (25 nenos/as e 12 galegofalantes): úsase o galego como lingua vehicular que a titora emprega para dar as explicacións, as normas da clase en lugares visibles da aula, en galego. O inicio á lectura axúdase de palabras/textos en galego, tanto no encerado dixital como nos cadernos de aula. As comunicacións ás familias fanse en galego, tanto vía whatsapp como nas axendas.

Nesta clase búscase a colaboración, sempre que se poida, das institucións (por exemplo, guías en galego para a visita ao castelo de Monforte ou persoal do concello que colabore nun percorrido andando ata o castelo) ou do ENDL, solicitando máis recursos educativos en galego ou máis libros e materiais atractivos para a aula. A colaboración das familias tamén é esencial neste tipo de proxectos: contos viaxeiros, materiais para expoñer, convivencias de aula...

Unha actividade (entre outras) que como aula van a realizar conmemorando o Día de Rosalía será unha convivencia coa escola CEIP Virxe do Carme, en Sober, para así ir lavar ao lavadoiro do pobo (en Monforte non temos lavadoiros) tal e como narra un poema de Rosalía de Castro. Tamén elaborarán xabón de xeito tradicional, preguntándolles aos avós como se fabricaba antes nas casas.

1º de primaria (20 nenos/as, 0 galegofalantes): a biblioteca de aula case íntegra en galego, carteis para aprender normas e actividades no encerado dixital. Participan en todas as actividades do ENDL aportando ideas e materiais de xeito moi frecuente. As actividades de aula que promoven a fala oral son dramatizacións ou obras curtas de teatro, memorización de poemas en galego ou gravacións en vídeo opinando sobre contos, dentro do proxecto Os Booktubers. Tamén realizan numerosos proxectos en galego, como aula ou en participación con outras clases, como por exemplo o dos Monstros, a partir do conto O Monstro Rosa, cos nenos e nenas de 5 anos.

Unha das excursións no segundo trimestre será a unha olería de Gundivós, para dar a coñecer aos nenos e nenas un dos oficios tradicionais de Galicia. Haberá todo un traballo previo e posterior, para alcanzar o máximo de obxectivos coa actividade da excursión.

2º de Primaria (19 nenos/as, 0 galegofalantes, 1 de fala portuguesa): a lingua vehicular da aula é o galego, desde onde se realizan as explicacións, proxectos, etc.(excepto as materias impartidas obrigatoriamente en castelán). Considérase prioritario o traballo da lingua oral, dada a curta idade do alumnado e que este parece un primeiro paso cara a comunicación escrita, que será posterior. Para fomentar iso: as roldas de opinión ou quendas de palabra onde poden explicar ou expresar sobre calquera tema que na aula se requira, gravación de vídeos onde eles son os entrevistadores (entrevistan a xente adulta), gravación de vídeos onde eles son os entrevistados (ambos formarán parte dun vídeo documental sobre os medios de transporte e para cando o teñamos rematado, convidaremos ás familias da aula para o día do estreo), participación no programa de Brauliotuber! da TVG, recitado de poemas, obradoiros de dramatización, escritura de titulares no seu propio Boletín Trimestral onde eles son os protagonistas e contan as actividades que fixeron na aula, o blog que é totalmente en galego (compartido cos de 1º), actividade de fomento á lectura na que son guías dos nenos e nenas de 1º, que son os aprendices (Pequenos Guías Lectores. Déixate de contos!), etc.

3º de Primaria (20 nenos/as, 3 galegofalantes): faise asemblea diaria durante 20 min onde se traballa o tempo, as emocións, exposicións ou rutinas diarias; celébranse os aniversarios con cancións en galego, colabórase co proxecto de centro sobre a poesía con creacións de raps e adiviñas, e, por último, as cancións ou teatros para as festividades sempre en galego. Por outra banda, actividades en colaboración con asociacións son as de baile e canto tradicionais nas que se implica ao alumnado para a “Primavera musical” (acto anual no que participa todo o colexio).

Buscan a axuda do ENDL para aumentar a cantidade de libros en galego da biblioteca de aula, películas ou curtas de animación en galego para a aula, e máis CD (Mamá Cabra, María Fumaça...) para o préstamo de aula.

4º de Primaria (25 nenos/as, 0 galegofalantes): a lingua preferente, sempre que a normativa o permite, é o galego, e unha actividade que axuda a fomentar a lingua é o reto “Día en galego”, no que todas as comunicacións (aula, patio, entre eles) deben ser en galego. En colaboración co ENDL van poñer en valor o vocabulario propio da contorna,

organizado en relación cos diferentes eixes: o tempo atmosférico, o traballo no campo, a vendima...

Por outra banda, realizan numerosos proxectos de aula, ou actividades puntuais como experimentos ou estudos de ciencias, nos que explican ou escriben sobre o investigado. Exemplos disto son as etiquetaxes dunha colección de rochas, murais explicativos por grupos, exposicións nos corredores sobre vocabulario ou clases de palabras, creación de poemas sobre mulleres científicas, fabricación dun formigueiro coas súas etiquetas en galego, etc.

5º de Primaria (24 nenos/as, 1 galegofalante, 1 de fala portuguesa): participan en todos os proxectos de centro que fomentan o uso do galego, un día á semana len a prensa con noticias ou artigos en galego e na hora de ler len un libro chamado “O Caderno Azul” (un día á semana) como lectura en voz alta e colectiva. Mercáronse exemplares para case todos a raíz dunha lectura do libro de lingua galega que tiña un fragmento deste libro. As cancións para as actuacións de Nadal, etc. son todas en galego.

Colaboran (son dúas clases e dúas titoras) en idear actividades ou aceptan as propostas do ENDL en planificación en exclusiva para a súa aula, como por exemplo, o obradoiro para realizar o mural que representase a xuntanza co alumnado do CEIP Infanta Elena.

6º de Primaria (32 nenos e nenas en total nas dúas clases, 1 galegofalante):”Ensino-conto” é unha actividade na que os nenos/as partindo das súas motivacións e intereses, e de xeito voluntario, solicitan a través dun escrito formal (Solicitud: Expoño/solicito) o beneplácito para realizar unha exposición oral na aula o mércores ou xoves á primeira hora. Nesta actividade trabállase a expresión oral en galego, expresión escrita, habilidades sociais, respecto de quendas, investigación, valores, etc. Outra actividade é a da “mensaxe motivadora da semana”: cólgase na porta e existe un responsable semanal que a vai cambiando. Por último, un reto semanal onde investigan sobre diversos temas a partir dunha pregunta que teñen que solucionar entre todos/as.

A continuación, os especialistas:

Educación Física: Todos os anos e todos os cursos se realizan desde esta área unha Unidade Didáctica de Xogos Populares. Dentro desta Unidade, hai que elaborar dunha ficha de investigación sobre os xogos populares aos que xogaban os seus avós, avoas, veciños/as...

Buscan desde o ENDL axuda para os murais con terminoloxía en galego dos diferentes deportes para decorar o pavillón.

Música: As cancións que se traballan desde esta materia son en galego, e polo xeral, da tradición. Tamén teñen especial relevancia os estudos da música tradicional e dos instrumentos tradicionais. Todas as cancións que se presentan a certames, concertos do concello, a festividades (ex. O Día da Paz) son en galego.

Relixión: A mestra que imparte esta materia no noso centro tamén o fai no CEIP Infanta Elena, que está enfronte, e concentra alumnado con necesidades de atención educativa. Para promover a convivencia e os valores relacionados co respecto á diversidade, imos celebrar na biblioteca da escola unha pequena actuación para eles na que o alumnado do noso centro recite poemas en lingua galega e algún conto en verso, para así complementar tamén o proxecto grupal do centro que é sobre a poesía.

Plástica: Esta materia impártese dentro da Sección Bilingüe, polo que a maioría dos traballos se fan en inglés. Pero desde esta área sempre se participa nas actividades relacionadas coas linguas (Día Europeo das Linguas, Día das Linguas Maternas)

En relación con outros equipos:

Equipo de Orientación: este departamento é o que cada ano leva ao alumnado de 6º a coñecer o Instituto ao que o centro esta adscrito, o IES Río Cabe, centro que tamén comparten co outro colexio público da cidade, o CEIP Monforte de Lemos. Para favorecer o que se coñezan e teñan relación xa de antes, e así ter un comezo máis doado no instituto, proporase un intercambio de cartas, en galego, entre os sextos dun colexio e outro. Nelas incorporarase tamén un poema, para así xuntar esta actividade co proxecto central sobre a poesía.

Equipo Directivo: apoia completamente ao ENDL e as actividades que propón, tratándolle de dar continuidade no tempo. Buscan tamén que os diferentes proxectos estean ben relacionados entre áreas e así axustar e compaxinar os horarios para que todo poida facerse tal e como se visualiza en proxectos coma este. Empregan o galego nas comunicacións escritas e na xestión do centro, seguindo a normativa.

Persoal non docente: desde a portería se fai moita labor de acollemento ás familias, é a cara visible da escola en moitas ocasións e a lingua empregada, tanto na fala como nos

escritos, é o galego. Colabora sempre que se lle pide co ENDL, tanto a nivel material como organizativo. As coidadoras/es participan en todas as actividades propostas polo ENDL facendo que os nenos/as que están ao seu cargo disfruten e aproveiten estas actividades. O persoal de cociña (xunto coa encargada do comedor) facilita os obradoiros de cociña, tanto os puntuais como os do proxecto dos “aniversarios saudables”, tanto aportando os utensilios como os alimentos que se lles propoñen.

O MENÚ ESCOLAR de cada mes que se lles comunica ás familias está integramente en galego, e expónse na porta do comedor, en cada aula e nos taboleiros e espazos informativos que ten o centro. Tamén se lles manda por whatsapp ás familias e se colga na web do centro.

Neste curso realizaremos as seguintes actividades coas familias:

- Visitas puntuais: determinadas actividades por aula, como por exemplo, lectura de contos (maioritariamente en galego, aínda que non sempre), probar unha receita de cociña, asistir ao estreo dun vídeo elaborado en clases, explicar algo relacionado co seu traballo ou saber...

- “Libros viaxeiros”: Traballo en cooperación coas familias no que xuntos decoran unhas follas dun libro sobre a súa vida ou sobre a mascota da aula. Faise en Infantil.

- “Mochila Viaxeira”: Desde a Biblioteca escolar envíase por curso unha mochila con música, contos, DVDs, etc para disfrutar en familia. Logo, terán que expresar nun caderno cómo lles foi a experiencia.

- Visitas en días como o Magosto, Entroido, etc. onde poden asistir ao centro e formar parte dunha tarde de xuntanza e disfrutar dalgún piscolabis.

- Festival e festa fin de curso con actuacións en galego (música, teatro, bailes....) e onde se realiza unha “biscoitada” de acollida e intercambio coas familias.

- Participación na Festa “Voz Natura”.

- Convite a charlas e conferencias organizadas polo centro educativo.

- “As familias contan”: actividade na que son convidadas desde a escola a ler un conto na biblioteca ou aulas.
- Concurso de fotografía: A túa cara é un poema.
- Participación na diferente elaboración de traxes para as actuacións, e outros materiais ou axudas no centro escolar. Algúns deles de xeito cooperativo.
- Participación en actividades de aula ou visitas á aula organizadas polo titor/a, como por exemplo, entrevistas sobre oficios, explicacións sobre algún tema ou simplemente, exposicións das actividades preparadas na clase.

6-NIVEL DE UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.

Todas as aulas dispoñen de conexión a internet e kits dixitais para desenvolver actividades empregando equipos tecnolóxicos diariamente (utilización de recursos on line, actividades na PDI, actividades Lim, consulta de enciclopedias dixitais...), ademais semanalmente os alumnos/as de Primaria realizarán na aula de informática actividades relacionadas co currículo e que melloren a súa competencia dixital (navegación por internet, xestión das contas de correo electrónico, xogos interactivos...). É un centro Abalar, ademais.

Fomentaremos o uso das Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación realizando **videoconferencias** dos nosos alumnos/as cos alumnos/as doutros centros co fin de establecer lazos de amizade e intercambio de información que favorezan o intercambio de mensaxes de correo con nenos/as doutros coles. Os nenos de 4º son os que máis usan este recurso posto que así seguen en contacto cunha ex-compañeira á que ademais irán a visitar durante o intercambio co seu colexio, en Aldán.

Intercambio de mensaxes de correo electrónico e whatsapp con outros coordinadores do EDNL (Ceip Virxe do Carme , Ceip Monforte de Lemos, IES Río Cabe, Ceip Monte Valiño...) e creación dun grupo para os membros que forman o noso equipo.

Mantemento dos BLOGUES do centro mediante a exposición de diferentes traballos realizados polos nosos alumnos/as, así como das fotos de distintas celebracións que se van dando ao longo do curso.

Para a elaboración da **revista escolar *O Colexio*** utilizaremos o programa Cómico Life, imaxes dixitais, escáner... e nela participará o alumnado e o profesorado. Nesta edición gustaríanos tamén colgala en formato dixital na web do centro. Retomaremos este curso a publicación da revista con algunhas novidades, como por exemplo, organizar o traballo seguindo unha mesma temática. A idea sería continualo así no tempo, de ser posible. Este ano o Proxecto Integrado de Centro é a Poesía, e polo tanto, a revista podería abranguer todos os traballos poéticos que se foron realizando ao longo do curso: gañadores de certames, poemas creados por aulas, coplas do entroido, rimas, letras de rap inventadas polo alumnado...

Realización de **montaxes audiovisuais** (audio, vídeo, imaxes) de distintas actividades que se realizan no centro e colgalas nos blogs. Polo xeral, sóbense a **youtube** e á páxina de **Facebook** do colexio, na que se comunica en galego.

PROXECCÍONS NA BIBLIOTECA de historias mudas, durante os recreos e nas clases que así o desexen. Estas historias deberán ter relación cos proxectos que se estean a traballar durante a semana da proxección.

VÍDEO DOCUMENTAL SOBRE MEDIOS DE TRANSPORTE (2º PRIMARIA). Empregando un móbil elaborar un vídeo no que os nenos e nenas expliquen o que aprenderon sobre este proxecto, e engadir as entrevistas fóra da escola que gravaron coas súas familias, e logo difundilo a través de redes, blog, whatsapp ou youtube.

BOOKTUBERS (1º PRIMARIA). Os lectores e lectoras da nosa biblioteca contan o argumento dun conto e coméntano diante dunha cámara, indicando se lles gustou ou non. Sóbese ao youtube.

BICHTUBERS (4 ANOS). Os nenos de 4 anos serán entrevistados polos máis maiores (segundo, que tamén estudaron os insectos) para que expliquen as súas características e o que aprenderon durante o proxecto "As formigas".

Seguindo este proxecto de insectos (4 anos e 2º Primaria), empregouse unha app de **realidade aumentada** para coñecer o nome científico dun par de insectos e logo coñecer o seu nome en galego.

Na aula de 2º e de 5 anos tamén se compartirán algunhas actividades dentro do proxecto sobre os dinosauros. Unha delas será que os nenos e nenas se “vexan” dentro dun mundo cheo de dinosauros, grazas a un móbil e a unhas gafas de **realidade virtual**.

ARQUIVO FOTOGRÁFICO: Creación dun arquivo de fotografías das experiencias educativas levadas a cabo polo alumnado do centro durante cada curso escolar. Este material, poderemos difundir as vivencias desenvolvidas no noso centro así como contribuír a que nunca se esquezan ou a que sempre podan estar ben arquivadas e localizadas para sacar ideas ou para participar en exposicións, mostras,....

ARQUIVO AUDIO: No que se arquivarán os audios que as familias envíen con ditos, refráns, xogos, cantigas... recollidas polos cativos nas súas casas. Ese material servirá para obradoiros nos que se aprenderá de xeito lúdico sobre a tradición oral.

INVENTARIO: Rexistrar no Meiga o material audiovisual existente no centro para aumentar o seu aproveitamento e acadar un mellor desempeño.

Elaborar unha listaxe de páxinas web, programas informáticos, recursos educativos...existentes en galego en ditos soportes para poñelo a disposición de todo o profesorado e familias interesadas.

Na **web** incluímos neste curso unha **pequena descrición do ENDL** e da súa importancia de cara aos servizos á comunidade educativa. Está previsto tamén incluír o **logotipo** do ENDL en todos os traballos dixitais.

7-COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN, ENTIDADES OU ASOCIACIÓN EXTERNAS.

- ✘ Participación nas actividades propostas dende o Concello de Monforte: concurso de postais de Nadal, exposicións, charlas, guías turísticos ou históricos, certame anual de teatro e Festival de Panxoliñas.
- ✘ Obradoiro de teatro organizado pola ANPA para realizar unha obra de teatro para o certame de teatro que organiza o concello no mes de maio. Nela traballarase a igualdade e haberá partes musicais de zanfona, ademáis de ser en galego.

- ✘ Colaboración anual co conservatorio municipal e escolas de música municipais, que traen á escola un concerto didáctico dos instrumentos que conforman as bandas de música tradicionais.
- ✘ Colaboración cun grupo de antigas familias do colexio e antigos alumnos para a actividade escolar V Primavera Musical.
- ✘ Colaboración co Colectivo Lemos Le (responsables das bibliotecas escolares e públicas xunto con librarías da comarca) do que o noso colexio foi membro fundador e impulsor. Este colectivo facilita o traballo cooperativo entre centros a partir dun obradoiro (en colaboración co CIM, Centro de Información á Muller) que pon en valor a vida das mulleres na comarca de Lemos (roles que tiñan na época, etc) e por outra banda, elaborar un libro que plasme en imaxes esta reflexión sobre a vida dunha destas mulleres. Cada ano escóllese a figura dunha muller que fose relevante na historia das Terras de Lemos e que nacera, vivira ou morrera na comarca, ou cuxa vida estivera moi vencellada a ela. Inténtase que cada convocatoria sexa adicada a unha muller dunha localidade diferente. Ata o de agora foron adicadas a Inés de Castro, María Castaña, Lola de Penelas, Balbina López e Genoveva González Prieto. Tamén hai concursos para adolescentes e adultos (xa que a cooperación dáse entre diversos centros educativos e asociacións variadas), roteiros, publicacións, colaboracións de xornalistas, escritoras, pintores, etc.
- ✘ Colaboración permanente coa ANPA para a realización de actividades extraescolares semanalmente (pintura, robótica, patinaxe...) e puntualmente saídas didácticas e actividades complementarias: contacontos, excursións, organización dos festivais, etc. Tamén se encargan da comparsa de entroido e de actividades en fin de curso.
- ✘ Con Servizos Sociais e Cáritas, en actividades culturais puntuais (dependendo de factores externos á escola). Coa ONCE, tendo en conta que se lle achega o Braille a unha nena do centro, e tamén se participa con eles nun proxecto sobre acoso escolar e patios inclusivos (4º Primaria)

- ✘ Con Amigos do Camiño de Inverno, asociación que promove o Camiño de Inverno (Camiño de Santiago) e na que participan os maiores do colexio facendo unha andaina nunha etapa do camino.
- ✘ Agrupación deportiva A Gándara, desde a que se axuda na organización de actividades deportivas da escola e se publican en Facebook, sempre en galego.
- ✘ Co ximnasio Neka, de Monforte e famoso polo alto nivel en Taekwondo, ten relación a escola porque participa nun par de sesións na área de Educación Física. E co Club Quixós, que se adica ao piragüismo e tamén é moi coñecido na cidade. As propostas son que estas colaboracións se fagan en galego.
- ✘ Tamén con Xadrez Forte, unha asociación que promove o gusto polo xadrez e co que se colabora de xeito puntual.
- ✘ Puntualmente sempre se participa en actividades ou eventos propostos desde asociacións ou institucións monfortinas, por exemplo, este curso: os Bolechas co seu espectáculo “Terrícolas Igualiños e Igualiñas” no IES Daviña Rei, o Mago Deimi co seu “A maxia está nos libros” na Biblioteca Municipal, etc.
- ✘ Con varios centros educativos (Ceip Virxe do Carme , Ceip Monforte de Lemos, CEE Infanta Elena, CEIP Espiñeira de Aldán, CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo), planificaremos actividades relacionadas coa dinamización da nosa lingua .

As xuntanzas aparecen detalladas noutros apartados deste proxecto, e os detalles do intercambio co CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo (3º e 4º Primaria, 44 alumnos/as) son os seguintes:

- Visita do CEIP Gregorio Sanz a Monforte de Lemos (2º trimestre): Visita ao Mosteiro de Nosa Señora da Antiga, subida ao Castelo de San Vicente e comida no Parque dos Condes.
- Visita do CEIP A Gándara a Ribadeo (3º trimestre): Visita á Torre dos Moreno e Concello, paseo polo casco antigo e baixada ao peirao deportivo. Alí daríase unha volta en barca pola ría e subida ao monte de Santa Cruz (mirador da ría) onde hai unha pequena área recreativa onde comer.
- ✘ XIX Rebumbio Matemático, a través da Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA), no que a escola participa para que o seu

alumnado chegue aos conceptos matemáticos desde un espírito cooperativo e de traballo en grupo. (6º Primaria)

8. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PLURIANUAIS.

- × Realización de obradoiros mensuais de cociña saudable, dentro do programa Aliméntate ben, con motivo dos aniversarios dos nenos e nenas, con cadansúa receita en galego e vídeo explicando a actividade (“cumple” saudables).
- × HISTORIAS MUDAS. Os venres, ciclo de proxeccións en vídeo na biblioteca durante o recreo relacionadas con libros ou contos en galego. Serán temáticas e variarán cada mes ou cada 2 meses.
- × A poesía será o tema central do Proxecto Integrado de Centro desde o que se desenvolverán moitas das actividades no centro educativo, desde certames literarios, recitado de poemas, asalto poético, intercambio de poemas con outros centros, actuacións, creacións... ata os propios disfraces de entroido.
- × CONVIVENCIAS. Co CEIP Virxe do Carme, de Sober, con motivo do Día de Rosalía; co CEIP Espiñeira, de Aldán; co CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo, para comparar as vidas de interior e costa e tamén o seu vocabulario; co CEE Infanta Elena, para un recitado de poemas; co CEIP Monforte de Lemos como intercambio de correspondencia e posterior visita ao IES Río Cabe. Valorarase unha xuntanza cun centro da terceira idade da propia localidade.
- × REVISTA ESCOLAR “O COLEXIO”: Actividade realizada no centro hai anos, e que se retomará este curso. A idea inicial é que recolla os poemas, rimas ou coplas que se foron creando durante o curso a través do Proxecto Integrado de Centro, ademais de fotografías que recollisen o momento da presentación ou recitado. Editarase en formato impreso e dixital na terceira avaliación.
- × Calendario **“Todos os meses no noso idioma”**, onde con fotografías de cada clase ilustrando mes a mes se van engadindo todas as festividades e celebracións que teñen lugar na escola.

- ✗ **SESIÓNS DE CONTACONTOS** destinado a todo o alumnado e realizado polas editoriais, familias, alumnado ou mestres. As editoriais Kalandraka e Anaya, propoñen un par de animacións para o alumnado de Infantil e Primaria, e é posible que tamén nos proporcione unha sesión de contacontos Santillana e o Consorcio.
- ✗ Cada fin de trimestre cada aula lerá o mesmo título, en galego, para logo poñelo en común.
- ✗ Rotularanse nas aulas, comedor, corredores, portas... os lugares de interese para mellorar a organización dos espazos.
- ✗ Exposicións de libros por temáticas: de medo polo Samaín, Libros de paz para deixar en paz, sobre o Nadal...
- ✗ **V CERTAME DE FOTOGRAFÍA EN FAMILIA:** Pídeselles ás familias que realicen unha fotografía relacionada co proxecto xeral deste curso: a poesía. O título da foto será "A túa cara é un poema".

9. TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS.

- ✗ Celebracións e festas tradicionais: Magosto, Entroido, Maios, Letras Galegas...
- ✗ Promoción da lingua oral: interpretación de cancións populares e tradicionais, sesión de contacontos, teatro en galego, colleita de xogos de botar sortes...
- ✗ TICs: Mantemento de blogs, actividades PDI, videoconferencias, obradoiro fotografía dixital, montaxe dalgún vídeo, elaboración revista...
- ✗ Dinamización do centro: Exposicións, xogos de investigación, obradoiros, empréstitos, charlas, saídas didácticas
- ✗ Dinamización do contorno: Convivencias, concursos, festivais... sempre cunha liña temática, polo que se traballa o vocabulario en galego clasificado en familias de palabras ou similar, o que favorece a memorización desas palabras.
- ✗ Intercambios e posta en valor da lingua: Videoconferencias, intercambio con outros centros de correos electrónicos, xuntanzas, colleitas, proxectos de traballo...

10. CADRO RESUMO (ver anexo I)

11. CONCLUSIÓNS:

Este proxecto é plantexado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do Centro para todo o curso 2018/2019 co fin de fomentar o uso do GALEGO no mesmo, proponendo as actividades previamente mencionadas co fin de levalas a cabo na medida do posible; aínda que parte das mesmas xa foron realizadas na primeira avaliación.

Trátase dun Proxecto aberto e flexible a calquera modificación que poida xurdir ao longo da súa posta en marcha.

Monforte de Lemos a 31 de Xaneiro de 2019

A coordinadora do ENDL

O director do centro

Asdo: Cristina Méijome Rivera

Asdo: Gonzalo Díaz Pérez